CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Progresa na motricidade fina.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Emprega a observación como medio para coñecer a súa contorna	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Progresa no uso da linguaxe oral nos diferentes contextos.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Amosa unha actitude de respecto e coidado polo medio.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Valora a importancia do autocoidado e coidado da contorna.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Emprega a linguaxe oral para expresar ideas.	
CA3.6 - Expressar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Exprésase nas diferentes linguaxes explorando todas as posibilidades comunicativas.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa nos diferentes xogos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Amosa unha actitude positiva cara os textos libres de prexuízos e estereotipos.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Identifica a importancia dos textos como medios para transmitir información.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Valora as diferentes profesións e servizos da comunidade.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Respecta o patrimonio cultural de Galicia.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Respecta as normas de convivencia.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Valora e respecta as costumes e tradicións.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Amosa unha actitude positiva cara os textos libres de prexuízos e estereotipos.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa interese pola linguaxe literaria.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Progresa na interpretación de mensaxes en diferentes soportes plásticos e visuais	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Emprega as diferentes linguaxes para expresarse.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Exprésase a través da dramaticación e da danza.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Comprende as mensaxes transmitidas nas diferentes linguaxes.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Progresa na interpretación de mensaxes en diferentes soportes plásticos e visuais	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none">- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.

Contidos

- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
5	Música	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Adapta a súa linguaxe aos diferentes contextos e persoas.	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Amosa confianza en si mesmo.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Progresa na resolución de conflitos.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Progresa no control das súas emocións.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	É quen de adaptar o seu comportamento ás diferentes situacións.	
CA2.7 - Expressar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Amosa unha imaxe positiva de si mesmo.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Progresa na motricidade fina.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Valora a importancia do autocoidado e coidado da contorna.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa nos diferentes xogos.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Participa nos diferentes xogos.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Valora e respecta as costumes e tradicións.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Tolera e respecta as elaboracións musicais das súas compañeiras e dos seus compañeiros.	
CA6.4 - Expressar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Exprésase empregando os medios musicais ao seu alcance.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Expresa musicalmente mensaxes recibidas noutras linguaxes.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Exprésase a través da dramaticación e da danza.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Comprende as mensaxes transmitidas nas diferentes linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.

UD	Título da UD	Duración
6	Psicomotricidade	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Adapta a súa linguaxe aos diferentes contextos e persoas.	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Amosa confianza en si mesmo.	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	É quen de coordinar e controlar o seu corpo para adaptarse aos obxectos e accións da vida cotiá	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Progresa na resolución de conflitos.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Progresa no control das súas emocións.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	É quen de adaptar o seu comportamento ás diferentes situacións.	
CA2.7 - Expressar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Amosa unha imaxe positiva de si mesmo.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Progresa na motricidade fina.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Valora a importancia do autocoidado e coidado da contorna.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa nos diferentes xogos.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Respecta as normas de convivencia.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Valora e respecta as costumes e tradicións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Exprésase a través da dramaticación e da danza.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Comprende as mensaxes transmitidas nas diferentes linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. - Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.

UD	Título da UD	Duración
7	English is fun!	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Adapta a súa linguaxe aos diferentes contextos e persoas.	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Amosa confianza en si mesmo.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Progresa na resolución de conflitos.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Progresa no control das súas emocións.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	É quen de adaptar o seu comportamento ás diferentes situacións.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Comprender as fórmulas básicas de interacción social: saúdos e despedidas e fórmulas de cortesía.	
CA2.7 - Expressar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Amosa unha imaxe positiva de si mesmo.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Progresa na motricidade fina.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Valora a importancia do autocoidado e coidado da contorna.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa nos diferentes xogos.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Respecta as normas de convivencia.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Valora e respecta as costumes e tradicións anglosaxonas.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Exprésase a través da dramaticación e da danza.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Comprende as mensaxes transmitidas nas diferentes linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.
- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.
- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que empregamos no ciclo caracterízase por ser activa, participativa e experimental. Partimos das orientacións metodolóxicas recollidas no currículo de educación infantil, Decreto 150/2022, temos en conta o enfoque competencial LOMLOE e tamén os principios da Escola Nova, movemento de renovación pedagóxica representado por Froebel, Decroly, Montessori ou Freinet, así como as irmáns Agazzi, e dos principios de intervención de corte construtivista de Piaget, Bruner, Ausubel e Vygotsky.

En primeiro lugar, os principios de intervención educativa que temos presentes son os seguintes:

- Principio de respecto ao nivel psicomadurativo do neno (Piaget), que supón a adecuación dos contidos ao nivel psicomadurativo do neno, ao seu estado evolutivo e aos seus coñecementos previos.
- Principio de aprendizaxe significativa: un dos nosos obxectivos primordiais é favorecer a construción de aprendizaxes significativas nos nosos alumnos, seguindo a Ausubel. Para iso partimos sempre dos seus coñecementos previos e intereses para favorecer una andamiaxe coas novas aprendizaxes que xa posuía, intentamos motivalos en todo momento de cara ás novas aprendizaxes, presentándolles os contidos que teñan significado e sentido para eles e amosarlles a funcionalidade dos mesmos.

- Principio de interacción positiva medio ambiente-neno/a (Vygotsky): contempla a interacción neno-ambiente dende o seu nacemento e que estas interaccións van ir facilitando a estruturación do seu pensamento e da súa personalidade.

- Outro principio que preside a nosa práctica docente e o enfoque globalizador (Decroly): a súa finalidade é estimular o desenvolvemento de tódalas capacidades dos nosos alumnos, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais, dunha forma global. Para alcanzar isto traballamos a través dos distintos tipos de contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais) e a través das tres áreas do currículo de maneira interrelacionada, partindo sempre dun centro de interese próximo aos nenos. A nosa intervención educativa está encamiñada a traballar a través de proxectos que constitúen estratexias metodolóxicas moi motivadoras para os nenos. En segundo lugar, na nosa metodoloxía tamén temos en conta os principios de autores pertencentes á Escola Nova, como son:

- Principio de individualización: seguindo a María Montessori, adaptaremos os métodos de ensinanza ás características, ritmos e necesidades individuais dos nosos alumnos.

- Principio de creatividade: segundo ás irmáns Agazzi e á filosofía de Reggio Emilia, trataremos de favorecer que o noso alumnado desenvolva ao máximo a súa creatividade, ofrecéndolles unha gran variedade de experiencias educativas que propicien este desenvolvemento.

- Principio da pedagogía do éxito: tendo en conta as teorías de Vygotsky, propoñeranse actividades que partirán da zona de desenvolvemento próximo e terán como base a superación de pequenas dificultades e a motivación positiva.

- Principio de seguridade e confianza: valorando os estudos das irmáns Agazzi, crearemos nas nosas aulas un ambiente cálido, acoledor e seguro, que permita e que estimule as relacións interpersoais e contribúa á construción dunha autoimaxe axustada e positiva de si mesmos.

- Principio de actividade: tendo en conta a Froebel, entre outros, dando importancia da actividade a estas idades, potenciando a creatividade e o desenvolvemento progresivo da súa autonomía.

- Principio de socialización (Froebel): é fundamental que o neno se sinta integrado no grupo-clase, polo que fomentaremos as interaccións positivas entre o noso alumnado e a adquisición de diversas habilidades sociais que favorezan a súa integración, coa finalidade de contribuír a socialización. Para tal fin, promoveremos situacións nas que se teñan que comunicar, relacionar, traballar en grupo...

- Principio de motivación: para que se produza a aprendizaxe é fundamental que o alumnado estea motivado, polo que partiremos sempre dos seus coñecementos previos e dos seus intereses, presentando as actividades dun xeito lúdico e atractivo para eles.

Ademais, partiremos sempre do xogo como fonte de aprendizaxe. O xogo é a principal actividade dos nenos a estas idades, polo tanto, debemos presentarles sempre as actividades cun carácter lúdico e dunha maneira divertida e entretida, invitándoos a xogar e levando a cabo unha aprendizaxe. Así mesmo, nos recantos das aulas os nenos aprenden ao mesmo tempo que xogan, xa que establecen interaccións cos compañeiros ademais de vínculos afectivos de amizade e estima, desenvolven habilidades sociais, o pensamento lóxico-matemático, aproxímanse á lectoescritura e demais.

En consecuencia, promoveremos actividades nas que os nenos participen, se impliquen, se comuniquen, exploren, manipulen, cumpran con responsabilidade, en definitiva, actividades nas que os nenos permanezan en todo momento activos. O que buscamos é que os nenos sexan os verdadeiros protagonistas do proceso de ensinanza-aprendizaxe, que constrúan o seu propio coñecemento mediante a actividade que realice na aula, xa que o neno aprende actuando, aprende facendo.

Tal e como recolle a normativa vixente, é fundamental que a educación infantil sexa unha tarefa compartida en tres ámbitos: a familia, o profesorado e outros colaboradores do contorno (institucións, asociacións, Concello...). Trátase, polo tanto, de abrir a nosa aula ao contorno. Na normativa actual, recóllese e destácase a gran relevancia da participación e colaboración das familias no proceso educativo dos seus fillos. No noso ciclo empregamos dúas vías de comunicación coas familias do noso alumnado:

- Vía formal: as familias participan tendo representación con voz e voto no Consello Escolar, a través da ANPA, coa súa colaboración nas actividades complementarias, de acordo ao disposto na Orde do 22 de xullo de 1997, así como a través das titorías de pais e nais, establecidas os luns de 16:30 a 17:30 horas.

- Vía informal: cando intercambiamos información sobre os nenos nos momentos das entradas e saídas da escola, cando lles enviamos ou nos envían algunha nota escrita a través dos nenos nas carpetas de comunicación ou mediante a plataforma corporativa Abalar, cando os chamamos por teléfono por outros motivos que son mais urxentes ou necesarios, así como en calquera colaboración ou información que poidan ou desexen achegar para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

Tamén é fundamental a coordinación co resto do profesorado xa que isto permite asegurar unha coherencia educativa. Os mestres de ciclo e os compañeiros de nivel tratamos de coordinarnos á hora de traballar, así como tamén co profesorado especialista que da clase aos nosos alumnos. Así mesmo, é tamén importante a

coordinación co resto do profesorado do centro e co equipo directivo. Estando en 6º nivel é ademáis primordial que exista unha boa coordinación e unha comunicación fluída entre o profesorado de educación infantil e o do 1º ciclo de educación primaria, unificación de criterios, aproximar metodoloxías, intercambiar información... có fin de favorecer un tránsito adecuado dos nosos alumnos de ambas etapas.

En canto á apertura do centro ao contorno, están planificadas diferentes saídas que explicaremos mais adiante.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Equipamento (infraestutura, mobiliario...)
Material didáctico (funxible, non funxible, de refugallo, natureza, comerciais, informático e audiovisual)
Materiais curriculares elaborados polo equipo educativo
Recursos humanos (mestres e mestras que imparten docencia directa, departamento de orientación, equipo directivo, familias...)

Para levar a cabo esta programación é preciso contar cunha serie de recursos materiais que servirán de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe. Poden ser moi variados pero, por riba de todo, teñen que resultar interesantes para o alumnado, servir de apoio ao mestre e cumprir con determinados requisitos de seguridade, limpeza e manexabilidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os criterios de avaliación do alumnado veñen establecidos no Decreto 105/2022 polo que se establece o currículo de Educación Infantil na comunidade autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa, desenvolvido pola Orde do 30 de maio do 2023 de avaliación.

Será este decreto o que marque os mínimos que ten que acadar o alumnado para superar con éxito esta etapa educativa e formalizar así o seu paso ao ensino obrigatorio.

Entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica, en consonancia co establecido na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado. Esta levarase a cabo a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.

- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc. realizadas polo alumnado

- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.

- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Subliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá na das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados mediante a observación sistemática do alumnado, o diálogo en gran grupo, o anecdotario de feitos sucedidos na aula, escalas de observación e rúbricas das UD así como a través da comunicación constante co resto de profesionais que imparten docencia na aula. Estes seguirán as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa cualificación en función do grado de consecución observado pola mestra.

Criterios de recuperación:

Non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
 - Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
 - Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
 - Xogos/actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas individuais/grupais da clase.
- Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no derradeiro curso do segundo ciclo de Educación Infantil seguiranse as indicacións establecidas no artigo 58 da Orde do 8 de setembro de 2021 en relación ao proceso de flexibilización.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Coidado da contorna e dos seres vivos	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Habilidades comunicativas e expresivas nas diferentes linguaxes	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Habilidades lóxicomatemáticas, do movemento, o xesto e o ritmo.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6 e 7-9 trabállanse no propio traballo das UD relacionadas a través das diferentes actividades que desenvolven os contidos.

Os elementos transversais 6 e 7 traballaranse, de xeito especial, a través das conmemoracións do Día Internacional da Muller e da Paz, respectivamente, ámbolos dous englobados no Bloque 3.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída programada para o primeiro trimestre	Lugar por definir	X		
Saída programada para o segundo trimestre	Lugar por definir		X	
Saída programada para o terceiro trimestre	Saída conxunta de Educación Infantil á Granxa Escola Marcelle			X
Conmemoracións e festas	Participación en actividades que xorden dende o centro educativo e están relacionadas con conmemoracións e festividades	X	X	X
Actividades para favorecer a transición a Educación Primaria	Visitas ás aulas de primaria, xogos e/ou actividades con alumnado de primeiro...			X
PDI "Todos temos unha historia que contar"	Participación nas actividades englobadas dentro do PDI do centro	X	X	X
Actividade peche de etapa	Xornada coas familias para festexar o fin da etapa			X

Observacións:

Asemade, valorarase facer outras saídas ou visitas complementarias (así coma actividades complementarias dentro do propio centro) que se consideren apropiadas ao traballo de aula e ao desenvolvemento da programación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Elementos curriculares da programación presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados
Temporalización de actividades adecuada
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe

Metodoloxía empregada
Deséñanse das actividades adecuadas ao alumnado
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empréganse diversos recursos didácticos
Individualización do proceso ás características de cada alumno/a
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades
Clima de traballo na aula
Incentívase a cohesión de grupo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente
Promóvese a participación das familias

Descrición:

Todos os indicadores de logro teránse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando así modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A presente programación é un documento vivo e, polo tanto, modificable e adaptable ás necesidades dos grupos-aula e aos novos intereses que poidan xurdir durante o transcurso da práctica educativa polo que levaremos a cabo un seguimento a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados